



2019



autismoGALICIA

MEMORIA DE ACTIVIDADES





Carta da presidenta **Mª JOSÉ ÁLVAREZ FOLGAR**

***Dicía Henry Ford que:
"Chegar xuntos é o principio.
Manterse xuntos, é o progreso.
Traballar xuntos é o éxito".***

Por iso este ano, puxemos especial fincapè ,en dar valor ao noso colectivo, a través de colaboracións nos diferentes sectores nos que están implicadas as persoas con autismo. Desde a educación, con proxectos de formación para os profesionais de diferentes ámbitos, e incidindo na especial relevancia na sensibilización da contorna, e sen esquecer o ámbito sanitario e o laboral.

E como traballar xuntos é a clave do éxito, profundizamos na consolidación de alianzas que nos permiten avanzar na converxencia, cohesión e colaboración, co colectivo do autismo e do resto dos representantes da discapacidade en Galicia.

O noso obxectivo é claro, garantir os dereitos dos nosos familiares con TEA, por iso, somos unha Federación na que primamos o empoderamento das persoas con autismo en todos os ámbitos. O noso enfoque transversal do desenvolvemento vital das persoas con TEA, é o que garante ese empoderamento e esa calidade de vida á que aspiramos, para quen queremos e coidamos con toda a nosa lealdade e con todo o noso agarimo.


Todo isto é posible, grazas á colaboración de cada unha das entidades que aúnan a Federación, dotándonos coa súa participación e pertenza, dunha personalidade única. Os profesionais que a conforman, danlle a solidez e a afíanzan de maneira sólida e incuestionable, para seguir adiante con este proxecto vital en común.

Por todo iso, este ano demos un paso máis en mellorar os servizos, a través de convenios coa administración , aumentando tamén as colaboracións cos axentes privados, cada vez máis cofecedores do noso sector grazas ao labor conxunto, a visibilidade e calidade nos servizos que cada unha das nosas entidades ofrece nos seus centros.

E para seguir cara adiante coa vista posta nun futuro mais integrador e con mais oportunidades para as persoas con TEA e as súas familias, traballamos neste ano consensuando e definindo este futuro nun novo Plan estratéxico que rexerá os obxectivos e liñas para os próximos anos, coidando e mantendo esta a nosa esencia.

Un saúdo cariñoso.

INDICE



FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Quen somos.

Pax. 5

MEMORIA DE ACTIVIDADES

PROGRAMA DE REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E INCIDENCIA
POLÍTICA.

Pax. 19

PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL INFORMACIÓN E DIFUSIÓN

Pax. 26

PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A ENTIDADES
PROGRAMA DE FORMACIÓN

Pax. 47

Pax. 47

ÁREA DE FAMILIAS E SERVIZOS A PERSOAS CON TEA

Pax. 54

ÁREA DE EDUCACIÓN

Pax. 55

ÁREA DE EMPREGO

Pax. 56

ÁREA DE SAÚDE

Pax. 57

AREA DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA

Pax: 60

FINANCIAMENTO

Pax 63



QUEN SOMOS

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

UNHA REDE DE SERVIZOS

AUTISMO GALICIA

Nace no ano 1995 como unha Federación que engloba ás entidades de pais, nais, de titores e de profesionais, protectoras de persoas con trastorno do espectro do autismo da **Comunidade Autónoma de Galicia**.

É unha entidade privada, sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 95, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número de inscrición E-0948, declarada de utilidade pública por resolución do 18 de febreiro de 2003 e acollida ao réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado regulado na Lei 49/2002 de 23 de decembro.

Autismo Galicia apóiase en financiadores públicos e privados e axusta o control destes fondos ao disposto na Lei de Mecenado (49/2002). As contas da Federación Autismo Galicia publícanse anualmente, son sometidas a auditoría externa e están dispoñibles para a súa consulta en www.autismogalicia.org.

MISIÓN

A Federación AUTISMO GALICIA contribúe a defender e reivindicar socialmente os dereitos das persoas con trastornos do espectro do autismo e das súas familias, promovendo a igualdade de oportunidades e a colaboración entre entidades prestadoras de servizos específicos e especializados.

VALORES

A Federación Autismo Galicia dispón dunha declaración de valores que guía a actuación da organización como institución e a conduta das persoas que a forman.

Na formulación dos valores están recollidos o conxunto de conviccións profundas e opcións fundamentais que manifestan a identidade de FAG, e que xeran unha cultura institucional propia e diferenciada. Na realización da súa actividade, a organización actúa e as persoas condúcense coherentemente cos seguintes valores:

VALORES ÉTICOS: AUTISMO GALICIA desenvolve a súa actividade e persegue os seus propósitos en coherencia cos seguintes referentes:

- As persoas con TEA son cidadáns activas, suxeitas de pleno dereito.
- AUTISMO GALICIA enfoca o seu traballo para a provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares dende unha perspectiva de dereitos.
- AUTISMO GALICIA é unha federación solidaria que promove este valor entre as persoas e organizacións que inflúen na vida das persoas con TEA e os seus familiares.
- AUTISMO GALICIA condúcese nas súas decisións en coherencia cos referentes éticos propios e os que asume das asociacións nas que participa activamente.

VALORES DE XESTIÓN: AUTISMO GALICIA promove e condúcese na súa xestión atendendo aos seguintes referentes:

- Autorrepresentación das persoas con TEA.
- Participación de persoas e entidades
- Especificidade e especialización na provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares.
- Transparencia.
- Cohesión asociativa.
- Mellora continua.
- Substentabilidade.

ASEMBLEA XERAL

XUNTA DIRECTIVA

PRESIDENTA
MARÍA JOSÉ ÁLVAREZ FOLGAR.
Asociación ASPANAES.

VICEPRESIDENTE
LUÍS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ.
APA Castro Navás.

SECRETARIA
MARÍA SOLEDAD GARCÍA PENALTA
Asociación ASPERGA.

TESOURERÍA
JOSÉ MANUEL VARELA RODRÍGUEZ.
APA CEE Menela.

VOGAL
ESPERANZA DOMÍNGUEZ BAUTISTA.
Asociación Autismo Vigo.

CONSELLO ASESOR

FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ.
Fundación Autismo Coruña.
CIPRIANO LUÍS JIMÉNEZ CASAS.
Fundación Menela.

COMISIÓNS TÉCNICAS

ASESORES EXTERNOS

PATRICIA BLANCO RIVERO

DIRECCIÓN e XERENCIA

TERESA GARCÍA BARCALA

DEP. ADMINISTRACIÓN

ADRIANA PAZOS OTTÓN

DEP.COMUNICACIÓN

ÁNGELA GOIRICELAYA SECO

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO

PROGRAMA DE INFORMACIÓN
e ASESORAMENTO

PROGRAMA
DE FORMACIÓN

CRISTINA COUTO PENA

ÁREA DE PROGRAMAS

ÁREA
EDUCACIÓN

ÁREA
SAÚDE

ÁREA
SOCIOFAMILIAR

ÁREA
EMPREGO

PROGRAMA DE ACCESIBILIDADE

DEPARTAMENTOS TRANSVERSÁIS

ÓRGANOS EXECUTIVOS

PRESIDENCIA

MARÍA JOSÉ ÁLVAREZ FOLGAR

Encárgase da representación da entidade a todos os niveis.

DIRECCIÓN E XERENCIA

RESPONSABLE, PATRICIA BLANCO RIVEIRO

Encárgase da dirección e xestión executiva da entidade, da planificación estratéxica e dirección de procesos, relacións institucionais, relación cos órganos de goberno e captación de fondos.

ÓRGANOS OPERATIVOS

DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN

RESPONSABLE TERESA GARCÍA BARCALA.

Xestión económica e financeira
Tramitación e control de convenios.
Subvencións e axudas
Relacións coas asociacións

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO

RESPONSABLE ÁNGELA GOIRICELAYA SECO

Asesoramento a Entidades Federadas.
Formación

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL

RESPONSABLE ADRIANA PAZOS OTTÓN

Comunicación externa e marketing social
Publicacións e Deseño Gráfico
Divulgación e sensibilización
Comunicación interna

ÁREA DE PROGRAMAS

RESPONSABLE CRISTINA COUTO PENA

Programa de Emprego
Programa de Atención socio-familiar : Atención a persoas con TEA, Atención a familias, Accesibilidade.
Programa de Saúde.

UNHA REDE DE SERVIZOS



PONTEVEDRA

ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO

986 437 263
autismovigo@gmail.com

APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista do Centro de Apoio Familiar "A Braña"
986 226 647
info@apacaf.org
www.apacaf.org

APA OS MECOS

Asociación de Pais do Centro "Os Mecos"
986 240 703
apamecos@hotmail.com

APA CASTRO NAVÁS

Centro de Día e Residencial Castro Navás - Fundación Menela
986 365 558
castronavas@menela.org

APA CENTRO EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA

986 240 703
ceemenela@menela.org

FUNDACIÓN MENELA

986 423 433
fundacion@menela.org
www.menela.org

FUNDACIÓN TUTELAR CAMIÑO DO MIÑO

986 222 023
fundacion_tutelar@cmiño.org

FAMILIAS AZUIS

671 496 458
familiasazuis@gmail.com

UN MÁIS

Asociación de pais, familiares e amigos de persoas con TEA do Baixo Miño
677 602 011
asociacion.unmais@gmail.com
unmais.wordpress.com

TEAVI

986414346
teavi.teavi@gmail.com
http://asteaviasociacion.blogspot.com

LUGO

ASOCIACIÓN CAPACES LUGO

619 170 890
capaceslugo@gmail.com
www.capaceslugo.blogspot.com

A CORUÑA

ASPANAES

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista
981 130 044
administracion@aspanaes.org
www.aspanaes.org

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

981 130 553
autismocoruna@yahoo.es

ASPERGA

Asociación Galega de Asperger
881 917 318
asperga@asperga.org
www.asperga.org

OURENSE

TRASCOS

Asociación de Familiares de Persoas con Trastorno da Comunicación Social de Ourense
988 049 632
asociaciontrascos@gmail.com
www.asociacion-trascos.es

POR ELES TEA

Asociación de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Ourense
669385558
info@peteaou.org



OS TRASTORNOS do ESPECTRO do AUTISMO

O TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (en diante TEA) é un trastorno que fai referencia a un conxunto de condicións que se manifestan antes dos 3 primeiros anos de vida e que afectan o neurodesenvolvemento e o funcionamento cerebral.

As súas manifestacións clínicas poden variar entre as persoas que teñen un diagnóstico de TEA. Pero o TEA se define baixo unhas características comúns. Todas as persoas con TEA teñen dificultades nas habilidades para comunicarse e relacionarse cos demais. Tamén se asocian a un patrón restrinxido e repetitivo de intereses, actividades e comportamentos, que repercute na capacidade da persoa para anticiparse e adaptarse a contorna.

Algunhas persoas poden experimentar reaccións de hiper ou hiposensibilidade a estímulos con diferentes modalidades sensoriais (auditivos, visuais, táctiles, etc.). Isto provén de alteracións que pode ter a persoa no procesamento da estimulación que proven da contorna.

O TEA pode presentar asociados, outros trastornos do neurodesenvolvemento, como discapacidade intelectual ou trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade, etc.

Pode non afectar o funcionamento intelectual da persoa e ter un gran potencial cognitivo, aínda que algúns procesos psicolóxicos e cognitivos (como a cognición social, linguaxe ou as funcións executivas) teñan un funcionamento diferente e incidan na maneira na que a persoa percibe, interpreta e se adapta á contorna.



CAUSAS

Non sabemos a causa exacta do autismo. Dado a complexidade do trastorno e dan gran heteroxeneidade na súas manifestacións, é posible que haxa moitas causas no autismo.

Os estudos sobre xenética apuntan a que un 10 % dos diagnóstico de TEA poderían asociarse a un trastorno cromosómico ou con unha base xenética identificada.

É probable que na etioloxía do TEA estean implicados unha rede de xenes e que se vexan afectados por outros factores biolóxicos e factores ambientais que alteren a súa expresión e inflúan no desenvolvemento do sistema nervioso e funcionamento posterior.



CARACTERÍSTICAS E ESPECIFICIDADE

O DIAGNÓSTICO DO TEA non se realiza a través de marcadores biolóxicos, senón que se realiza a través de indicadores no desenvolvemento da persoa e a avaliación e observación exhaustiva da súa conduta.

No caso das persoas usuarias dos nosos centros, esta conflitividade é moito maior debido ás características específicas dos trastornos que presentan.

Por isto é necesario establecer programas de apoio individualizados e adaptados ás súas necesidades, que teñan en conta a sintomatoloxía propia dos trastornos do espectro do autismo e as características persoais e específicas de cada persoa, de xeito que posibilite a adquisición e desenvolvemento das habilidades e capacidades necesarias para afrontar as múltiples dificultades e demandas que presenta esta nova etapa da vida.

Todos os usuarios das entidades asociadas á Federación necesitan de axuda externa para poder levar a cabo as súas actividades da vida diaria, dende as básicas ata as instrumentais.

Autismo Galicia é unha entidade que se orienta ao desenvolvemento de modelos e apoios especializados para o seu colectivo destinatario, que promove unha intervención baseada en metodoloxías específicas de eficacia contrastada e que recoñece e defende a natureza específica dos TEA e das necesidades das persoas que os presentan co propósito de promover o avance, a investigación e a intervención dirixida a este tipo de trastornos.

INTERVENCIÓN E TRATAMENTO

O diagnóstico de autismo ten que ser realizado por profesionais especializados, co obxectivo de establecer un programa de intervención de apoios individualizados para a persoa. A avaliación ten que pasar por unha valoración directa da persoa con TEA, unha entrevista a familia, con probas específicas para a avaliación do TEA. O proceso de avaliación ten que estar centrado en determinar as limitacións así como destacar os puntos fortes que axuden a establecer apoios adecuados a persoa.

Polo momento non existe ningunha cura para os TEA. Sen embargo, existen factores que van influír de maneira significativa no desenvolvemento da persoa que os presenta e na súa calidade de vida.

É fundamental que o diagnóstico se realice de maneira precoz e que o neno ou nena reciba unha axeitada intervención temperá. Tamén é fundamental que os recursos educativos e comunitarios sexan os axeitados ás súas necesidades individuais e que dispoña dunha rede de apoio que facilite a súa participación social.

Ademais, é imprescindible sinalar que a persoa con TEA segue desenvolvéndose e aprendendo ao longo de toda a súa vida. As características que definen os TEA non desaparecen ao chegar á vida adulta, aínda que as necesidades si van cambiando co tempo.



É preciso impulsar a implementación de intervencións contrastadas para ás persoas con TEA nos distintos ámbitos de atención o longo da súa vida, fundamentalmente no sanitario, educativo e o social.

Así se lles poderá facilitar a transición entre as distintas etapas vitais e se contribuirá a erradicar prácticas non recomendadas ou sen evidencia demostrada.

Así, a calidade de vida da persoa e a da súa familia van estar influídas polas posibilidades de acceder ás intervencións e apoios axeitados, que se adapten ás súas necesidades individuais e que maximicen as súas oportunidades de aprendizaxe, de inclusión social e de desenvolvemento persoal, mantendo todos estes elementos ao longo da vida.




PREVALENCIA

Os estudos de prevalencia sitúan progresivamente aos Tea como un dos trastornos de neurodesenvolvemento máis frecuentes na poboación.

Nos últimos anos conséntase un aumento considerable dos casos detectados e diagnosticados de TEA. Este incremento pode deberse, entre outros factores, a unha maior precisión nos instrumentos de detección, a ampliación dos criterios diagnósticos, ou mesmo a un aumento real da incidencia deste tipo de trastornos.

Persoas con manifestacións máis leves do trastorno ou sen discapacidade intelectual podían no ser identificadas ou recibir un diagnóstico de outro tipo de alteración, como trastorno da linguaxe, déficit de atención, etc.

Por outra parte, o autismo podía non ser recoñecido nas persoas con discapacidade intelectual e grandes necesidades apoio.



O aumento no coñecemento sobre os TEA e a importancia da intervención temperá no pronóstico dos nenos e nenas que o presentan, propiciaron a posta en marcha de servizos dirixidos especificamente a poboación con TEA. El acceso a estes servizos está en ocasións vinculado a existencia de un diagnóstico de TEA.

Esto propiciou que o estigma asociado o autismo, que leva moitas veces a retrasar o diagnóstico, desapareza fronte a demanda familiar de un diagnóstico que proporcione o acceso os servizos especializados. A súa vez, estes servizos especializados favorecen a localización e rexistro de novos casos. A todo isto hai que sumarlle unha maior conciencia e coñecemento dos Tea tanto nos profesionais como na sociedade en xeral.

Estudios consensuados noutros países establecen a preveleza de 25 persoas con TEA por cada 10.000 cidadáns adultos e 1 caso de TEA por cada 150 nenos en idades escolares.

As investigacións apuntaban ata agora que os TEA se presentaban catro veces máis no caso dos homes que das mulleres. Pero, estes datos estanse cuestionando na actualidade, debido o aumento de diagnósticos en mulleres que se esta a producir nos últimos anos (National Association of Special Educational Needs, 2016).

A razón que pode parece subxacer a esta dificultade é que as mulleres poderían ser máis eficaces na aprendizaxe de estratexias de compensación que axuden a enmascarar os déficits sociais e adaptativos.



A falta de información no ámbito científico provoca tamén sesgos de xénero na práctica profesional. Así, os diagnósticos no caso das mulleres retrázanse aínda máis que no caso dos homes, incluso cando as manifestacións son máis evidentes, e existe un maior risco a que reciban diagnósticos erróneos ou pouco precisos. Nos seus últimos estudos de prevalencia, o Center for Disease Control and Prevention (CDC) informou de unha prevalencia estimada de 1 cada 88 nenos de 8 anos.

No caso de España, os estudos son escasos e limitados ao non existir unha rede de investigación consolidada e sostible a pesar de considerarse unha área fundamental para o avance no coñecemento dos TEA.

Esta carencia provoca a falta de datos estatísticos fiables para planificar os servizos. Os últimos proxectos acometidos neste sentido e que están sendo implementados son o Rexistro RETEA do Instituto de Saúde Carlos III e o proxecto de Autismo España: "sistema de información e estatístico sobre os TEA en España".

É incuestionable que nos últimos anos se multiplicaron os diagnósticos de TEA en todo o mundo, chegando a afectar actualmente en Europa a máis de 3,3 millóns de persoas. En España se calcula que poden existir máis de 450.000 persoas con TEA, aunque non todas se encontren correctamente identificadas e diagnosticadas.


Se partimos da estimación de poboación na Comunidade Autónoma e aplicamos a taxa de prevalencia dos TEA internacionalmente aceptada, 1 de cada 100 persoas, en Galicia somos:

27.000


PERSOAS CON TEA EN GALICIA



PERSOAS ATENDIDAS CON TEA



HOMES 1518
MULLERES 455



BASE SOCIAL e RRHH



A Federación Autismo Galicia conta con 16 asociacións que representan a unha base social de 1013 persoas asociadas. El número de traballadores total é de 414, e se conta coa colaboración de 95 persoas voluntarias, que contribúen a súa misión.

■ PERSOAS ASOCIADAS ■ TRABALLADOR/AS ■ VOLUNTARIOS/AS

1013

414

95




RECURSOS HUMANOS

Os servizos profesionais para a atención aos TEA os desenvolven un total de 414 traballadores e traballadoras, dos cales 395 están contratados directamente polas entidades.

A gran maioría dos profesionais correspóndense coas labores de intervención na área de atención á saúde, na área de ensinanza así coma outras competencias.

■ DIRECCIÓN E XESTIÓN ■ ATENCIÓN PSICOSOCIAL ■ ENSINANZA ■ ATENCIÓN Á SAÚDE
■ OUTROS



A Federación Autismo Galicia conta co **Servizo de Valoración e Diagnóstico** do trastorno do espectro do autismo nas catro provincias galegas. Durante o ano 2019, realizáronse 146 informes diagnósticos, contando á súa vez, con 52 persoas en lista de agarda nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

Así mesmo, aténdese a un total de **146 nenos e nenas nos Centros Educativos Concertados** coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

Os servizos e programas desenvolto por Autismo Galicia e as súas entidades membro abranguen recursos e intervencións a fin de dar resposta ás necesidades das persoas con TEA ao longo das distintas etapas do ciclo vital e baseándose no **Modelo de Calidade de Vida**.

Así, dende os servizos de valoración e diagnóstico, dáse continuidade á intervención dende o **Servizo de Atención Temperá** ata os seis anos de idade **atendendo durante o ano 2019 a 214 nenos e nenas**.

A Federación conta, ademais, con **73 prazas de Atención Diúrna Terapéutica** para adultos así como **137 prazas de Atención Residencial**.

Doutra banda, hai que destacar a oferta de prazas no **Servizo de Respiro Familiar**, onde, un total de **31 persoas con TEA se beneficiaron deste servizo**.





ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

Durante o ano 2019 realizáronse servizos de asesoramento, información e acompañamento que estimamos ten un impacto directo sobre 7892 persoas que conviven cunha persoa con TEA.

7892 PERSOAS ATENDIDAS


FORMACIÓN DE FAMILIAS E PROFESIONAIS

Desenvolvéronse distintas accións formativas específicas sobre autismo dirixidas tanto a familiares como a profesionais externos que desenvolven a súa labor con persoas con TEA.

O conxunto de profesionais foron especialmente mestres/as, psicólogos/as, terapeutas e cuidadores/as, cun total de 982 persoas formadas durante o ano 2019.

982 PERSOAS FORMADAS

SERVIZOS DAS ENTIDADES




TOTAL 2921 PERSOAS ATENDIDAS NOS SERVIZOS DAS ENTIDADES



PERSOAS BENEFICIARIAS DIRECTAS DA FEDERACIÓN

- Familias atendidas / 570
- Profesionais sanitarios / 4
- Profesionais servizos sociais / 7
- Profesionais da educación / 19
- Estudantes / 327
- Outros profesionais interesados / 67
- Profesionais non federados participantes en programa de formación / 250
- Persoas con TEA / 240



TOTAL 1485





PRIORIDADE ESTRATÉXICA

AVANZAR NO POSICIONAMENTO DA FEDERACIÓN
AUTISMO GALICIA COMO REFERENTE NA
REPRESENTACIÓN DAS PERSOAS CON TEA
E AS SÚAS FAMILIAS EN GALICIA



PROGRAMA DE INCIDENCIA POLÍTICA E REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL



A **FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA**, como entidade, está presente nos foros de representación do terceiro sector que traballan polo desenvolvemento de políticas sociais que afectan aos beneficiarios das accións da Federación e entidades asociadas.

Durante o ano 2019 a Federación Autismo Galicia tratou de fomentar ao máximo a súa presenza, de xeito activo nos distintos foros de representación institucional da discapacidade, exclusión social, e específicos dos TEA: **CERMI GALICIA, EAPN GALICIA, Asociación Autismo Europa, Confederación Autismo España.**

Ademais de reforzar vínculos, participar en reunións de traballo, conferencias, xornadas, etc, se promoveron e avanzaron en propostas de converxencia asociativa impulsando a mesma, tanto cara a fóra como cara a dentro e, despois dun ano no que se definiu a nivel interno que, claramente, a Federación Autismo Galicia, representa exclusiva e especificamente ao colectivo de persoas afectadas polos trastornos do espectro do autismo e se consolidaron fortes alianzas entre as entidades asociadas.

Ademais das colaboracións con entidades do terceiro sector, a Federación Autismo Galicia, a través dos seus representantes, mantén unha actividade de representación institucional ante a Administración Pública, Universidades, e calquera outro organismo que se constituía en interlocutor necesario.

A representación institucional se exerce pola Xunta Directiva e Xerencia da Federación, así como, polos responsables de áreas e polas asociacións e **ENTIDADES FEDERADAS.**



COMITÉ EXECUTIVO CERMI-GALICIA

Autismo Galicia forma parte do Comité executivo do CERMI - Galicia a través da representación da nosa Presidenta M^ª José Álvarez Folgar. No ano 2019 participouse nas reunións de comité executivo e asembleas xerais e na realización de actividade de representación institucional do CERMI-Galicia como membros do Comité executivo.

Autismo Galicia forma parte das Comisións permanentes e específicas da mesma, (accesibilidade, educación, muller, servizos sociais, dereitos e saúde.), participando na revisión legislativa e achegas ás comisións nacionais, (representación na comisión nacional de ocio inclusivo).



XUNTA DIRECTIVA da EAPN e grupos de traballo.

Dende o ano 2015, a Federación Autismo Galicia pasa a formar parte da Xunta Directiva de EAPN-Galicia como Tesoureira, participando nas reunións do Grupo de Traballo, Fondos Estruturais e na Comisión de Comunicación, tanto na preparación de accións como no desenvolvemento das mesmas.

Neste ano 2019 celebráronse eleccións para a renovación da Xunta directiva, resultando reelixida a nosa entidade como tesoureira .

Participouse nas reunións de Xunta Directiva e Asembleas Xerais.

Realización de actividade de representación institucional da EAPN-Galicia como membros da Xunta Directiva

Aportacións como membros do Consello Económico e Social de Galicia.

Grupos de traballo:

Participación nas reunións do Grupo de Traballo Fondos Estruturais.

Participación na Comisión de comunicación, tanto na preparación de accións como no desenvolvemento das mesmas.

Accións específicas:

Participación acto “Día da xustiza social no Parlamento de Galicia”

Presentación da campaña X-Solidaria.

Celebración do acto do Día para a Erradicación da Pobreza na Sede do Valedor do Pobo

Participación no “XIII Encuentro de Participación ‘Lucha contra la Pobreza, la Exclusión Social y la Desigualdad en el marco de los ODS’”





A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA INTEGRA A XUNTA DIRECTIVA DA CONFEDERACIÓN AUTISMO ESPAÑA



CONFEDERACIÓN AUTISMO ESPAÑA

A Federación Autismo Galicia integra a Xunta Directiva da Confederación Autismo España dende agosto de 2018 en representación das 77 Asociacións que forman parte dela.

Somos membro da Comisión de directivos da Confederación Autismo España, participando na Comisión sobre Accesibilidade Universal, no Grupo de Traballo sobre Emprego e TEA e formamos parte da Comisión de Comunicación e Comisión de Educación.

ACCIÓNES ESPECÍFICAS: Traballamos realizando en conxunto accións específicas como a participación no desenvolvemento da Campaña “Unha dinámica nova para o autismo”, a participación no Estudo “Muller e TEA”.

Tamén na Segunda fase do Programa para a elaboración dun Censo Estatal de persoas con TEA en colaboración coa Universidade Carlos III, e na Xornada Técnica “Situación y necesidades de las persoas con TEA en España. Resultados e tendencias sociodemográficas en 2019” e na celebración do 25 aniversario da Confederación. E nas campañas de sensibilización con motivo de DMA e o Día Internacional da Síndrome de Asperger.



AUTISMO EUROPA

Mantense, sobre todo na área de comunicación un fluxo de información permanente que permite dar publicidade e coñecemento ás accións da Federación e entidades federadas a nivel europeo.

No ano 2019 participamos no XII Congreso Internacional de Autismo Europa: Una nueva dinámica para el cambio y la inclusión”



UNIVERSIDADES



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Federación Autismo Galicia é recoñecida como entidade colaboradora da Universidade de Santiago de Compostela. Convenio de colaboración coa Facultade de Psicoloxía.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Colaboración na investigación sobre TEA do Departamento de Neurociencia da Universidade da Coruña

PARLAMENTO DE GALICIA



A Federación Autismo Galicia e o Parlamento de Galicia asinan no 2019 un convenio de colaboración para a promoción da accesibilidade cognitiva e o asesoramento sobre o trastorno do espectro do autismo na cámara lexislativa.

VALEDOR DO POBO



A Federación Autismo Galicia e o Parlamento de Galicia asinan no 2019 un convenio de colaboración para a promoción da accesibilidade cognitiva e o asesoramento sobre o trastorno do espectro do autismo.

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

A Federación Autismo Galicia estrutúrase coma a entidade marco en Galicia de referencia na defensa dos dereitos e intereses das persoas con TEA, así como do asesoramento técnico neste eido perante a Administración Autonómica.

A Federación Autismo Galicia forma parte das seguintes estruturas.

- Consello Asesor de Pacientes (Consellería de Sanidade)
- Participación no Proxecto Código 100 de solucións innovadoras con proposta específica na Liña de empoderamento do paciente.
- Membros do Grupo de Traballo sobre Humanización
- Consello Galego de Acción Voluntaria (Consellería de Política Social)

Durante este ano véñense producindo diversos encontros con responsables técnicos e políticos nas distintas áreas que afectan á atención ás persoas con autismo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Interlocución co Conselleiro de Política Social para o plantexamento das demandas do colectivo.

Interlocución coa Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

Participación e remisión de aportacións en normativa lexislativa de interese para o colectivo en materia de Política Social.

Incidencia para o alcance de obxectivos estratéxicos sobre a financiación e acceso a servizos específicos para persoas con autismo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Interlocución co Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para o plantexamento das demandas do colectivo

Interlocución coa Dirección Xeral de Educación para o planexamento das demandas específicas do colectivo en materia de educación.

Colaboración coa Consellería de Educación na realización de xornadas de formación sobre TEA e educación.

Colaboración na provisión de servizos específicos de asesoramento, formación e promoción da accesibilidade cognitiva en centros educativos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Interlocución para a presentación e abordaxe do Programa de Mellora da atención sanitaria ao paciente con TEA e o establecemento de novas liñas de colaboración.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Interlocución para a facilitación de medidas de accesibilidade de cara á celebración do Xacobeo 2021.



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA**


Interlocución coa Secretaría Xeral de Emprego e a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, para o plantexamento de demandas do colectivo: a difícil empregabilidade das persoas con TEA se non se conta con medidas de apoio específicas e as dificultades para as nosas entidades sobre os trámites das convocatorias públicas para a promoción do emprego e formación.

Interlocución co Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, para o tratamento sobre as medidas específicas de apoio ás entidades da discapacidade e convocatorias da consellería.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

Interlocución para o deseño de medidas de adaptación de pobras de acceso ao emprego público ás persoas con TEA.



PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL INFORMACIÓN E DIFUSIÓN



Respostas adaptadas ás necesidades dos grupos de interese da Federación Autismo Galicia: Persoas con TEA e as súas familias, profesionais e axentes clave.

XORNADA CULTURA E AUTISMO



[Xornada EDUCACIÓN E AUTISMO celebrada o día 22 de Outubro de 2019 e organizada pola Federación AUTISMO GALICIA.](#)

Nesta xornada tivemos a oportunidade e o pracer de compartir e debater xunto a profesionais, axentes culturais e familias acerca das mellores vías de promocionar o acceso á cultura para as persoas con TEA. “O desenvolvemento dunha boa política cultural e os programas que a acompañen, son decisivos para unha mellor calidade de vida da cidadanía e a recoñecer a diversidade nos espazos públicos da cultura.” Reuníronse recoñecidos profesionais do ámbito da cultura, para facer unha posta en común sobre a situación actual no campo dos espazos culturais e as persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA), debatendo como abordar a súa singularidade, e compartindo diferentes experiencias e modalidades de intervención cultural.

A complexidade dos TEA fai fundamental analizar opcións que dean unha mellor resposta ás súas necesidades e singularidades, e xerar espazos de debate como este para a abordaxe dunha sociedade que recoñeza as diversidades.

Presentouse o número XXIII da revista MAREMAGNUM contando coa presenza da Secretaria do Consello da Cultura Galega, Dona Dores Vilavedra, a Concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural. Primeira tenente de alcalde. Dona Mercedes Rosón Ferreiro e o Director Xeral de Políticas Culturais, Don Anxo M. Lorenzo Suárez.

Nesta ocasión o acto realizouse no CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea)



XORNADA Presentación
REVISTA MAREMAGNUM nº23 / 2019

CULTURA E AUTISMO

MARTES 22 DE OUTUBRO AS 9:00 HORAS
Auditorio do CGAC (CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA)
Santiago de Compostela. A Coruña
Inscripcións de balde ata completar aforo en www.autismogalicia.org

autismogALICIA

organiza **CG** autismogALICIA colabora **XUNTA DE GALICIA** Xacobeo 2021 **CGAC** CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

O encontro tivo lugar na mañá do martes 22 de outubro no Auditorio do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea), en Santiago de Compostela, de 9:00 a 14:00h.

Baixo o lema **Presenza, Cultura e Autismo**, o programa comezou coa presentación da nova edición da revista Maremagnum, contando coas intervencións de M^a José Álvarez Folgar, presidenta Federación Autismo Galicia, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Alcalde de Santiago de Compostela, e Cipriano Luis Jiménez Casas, director da revista Maremagnum.

Dando paso as conferencias, a cargo de: Moisés de Lemos Martins, Profesor Catedrático da Universidade do Minho. Encarna Lago, Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo. Carolina Casal Chico, Museóloga e Conservadora, e Xestora Cultural. Laura Donis, Directora do Proxecto Empower Parents. Manuel Ojea Rúa. Presidente da Asociación Trascos e Catedrático de Orientación educativa. Macarena Blanco Delgado, Psicóloga de Fundación Menela. Lidia Reyes Bernal, Psicóloga de Asociación Aspanaes, e M^a Soledad García Penalta. Xerente de Asociación Asperga Pechando a Xornada cunha actuación da Orquesta de Castro Navas, composta por persoas con TEA.



AUDIOVISUAL DA XORNADA CULTURA E AUTISMO

Créase un vídeo que recolle as participacións e actividade durante a Xornada Cultura e Autismo.

[As videocreacións están dispoñibles no CANLE DE YOUTUBE DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.](#)

XORNADA autismogALICIA
CULTURA E AUTISMO

EXPERIENCIAS CULTURAIS NOS CENTROS E SERVIZOS MIEMBROS DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

MARTES 22 DE OUTUBRO AS 9:00 HORAS
Auditorio do CGAC (CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA)
Santiago de Compostela. A Coruña
Inscripcións de balde ata completar aforo en www.autismogalicia.org

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
CG autismogALICIA XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2021

MACARENA BLANCO DELGADO

XORNADA autismogALICIA
CULTURA E AUTISMO

EXPERIENCIAS CULTURAIS NOS CENTROS E SERVIZOS MIEMBROS DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

MARTES 22 DE OUTUBRO AS 9:00 HORAS
Auditorio do CGAC (CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA)
Santiago de Compostela. A Coruña
Inscripcións de balde ata completar aforo en www.autismogalicia.org

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
CG autismogALICIA XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2021

LIDIA REYES BERNAL



Día Internacional del Síndrome de Asperger

DÍA INTERNACIONAL DA SÍNDROME DE ASPERGER

A Federación Autismo Galicia súmase a CAMPAÑA da Confederación Autismo España do DÍA INTERNACIONAL DA SÍNDROME DE ASPERGER

XVIIª Edición do concurso de fotografía dixital "Las personas con discapacidade en la vida cotidiana". Poden participar todas as persoas maiores de 18 anos que envíen fotografías a través da web do concurso. O certamen busca sensibilizar sobre como é o día a día das persoas con discapacidade a través da fotografía.
Prazo presentación: 10 de novembro de 2019

FUNDACIÓN ROMPER BARRERAS

VIII Edición dos premios romper barreras. Premiar e fomentar a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade, mediante o uso de tecnoloxías de apoio.
Prazo presentación: 3 outubro 2019



PROGRAMA DE FORMACIÓN

Este programa brinda, tanto os profesionais, familias, e diversos axentes, a posibilidade da formación necesaria para dispoñer das habilidades básicas imprescindibles para mellorar a intervención coa persoa con TEA, nos ámbitos sociais sanitarios e educativos.

PROGRAMA FORMATIVO INTERNO

O programa formativo interno se destina tanto a profesionais da federación como das entidades federadas co obxectivo de manter sempre unha formación actualizada que nos permita atender as demandas do noso colectivo con garantías de eficiencia e solvencia.

Abordaxe do TEA no ámbito educativo

CURSO 3: 06 / 4 / 2019

INTERVENCIÓN SOBRE AS CONDUCTAS INADECUADAS EN PERSOAS CON TEA: O APOIO CONDUCTUAL POSITIVO.
DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS.



autismoGALICIA

Abordaxe do TEA no ámbito educativo

CURSO 2: 09 / 3 / 2019

HABILIDADES SOCIAIS EN PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO.
DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS.



autismoGALICIA

Abordaxe do TEA no ámbito educativo

CURSO 1: 23 / 2 / 2019

APOIOS VISUAIS COMO FERRAMENTA DE INTERVENCIÓN NOS TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO.
DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS.



autismoGALICIA

CICLO FORMATIVO ABORDAXE DO TEA NO ÁMBITO EDUCATIVO

31

PERSOAS ASISTENTES

IMPARTIDO POR: Marlene Horna Castiñeiras.

Nestes cursos preténdese que os participantes aprendan como intervir e axudar ás persoas con TEA en diversos contextos empregando diferentes tipos de apoios visuais. Adquiran recursos e ferramentas para ensinar ás persoas con TEA a desenvolverse socialmente.

E entendan por que se producen e mantéñense as condutas inadecuadas no contexto escolar ordinario. Saber que detrás destes comportamentos existe un motivo que aprenderemos a descubrir e analizar para así planificar e intervir de forma proactiva.

Constó de tres cursos dende o 23 de febreiro ata ó 6 de abril do 2019.

Destinatarios: profesionais do ámbito educativo que traballan con persoas con TEA: mestres, educadores, orientadores, psicólogos, psicopedagogos, logopedas, coidadores, etc



PROGRAMA FORMATIVO ESPECÍFICO PARA PROFESIONAIS NO ÁMBITO DOS TEA




CURSO: MULLER E TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO

100

PERSOAS ASISTENTES





IMPARTIDO POR: Maria Merino Martínez

Destinatarios: profesionais da rede de asociacións da Federación, profesionais externos e familias.

Con este curso preténdese dotar de coñecemento a profesionais do ámbito sanitario e social sobre a detección e intervención de problemas relacionados especificamente coa muller con TEA.


CURSO APLICACIÓN DA METODOLOXÍA TEACCH NA AULA E NO CENTRO

IMPARTIDO POR: Rosa Álvarez

Neste curso déronse a coñecer coñecementos das técnicas da Metodoloxía TEACCH, ferramentas para a aplicación eficaz da Metodoloxía, e a elaboración dun deseño individualizado para a ensinanza de habilidades que favoreza a autonomía persoal da persoa con TEA en todos os contextos da súa vida cotiá.

Destinatarios: profesionais do ámbito sanitario e social e familias de persoas con TEA.

112
PERSOAS ASITENTES



CURSO APOIOS VISUAIS PARA MELLORAR A VIDA DAS PERSOAS CON TEA E AS SÚAS FAMILIAS

IMPARTIDO POR: Marlene Horna Castiñeiras

Este curso céntrase na intervención e axuda ás persoas con TEA en diversos contextos empregando diferentes tipos de apoios visuais.

Destinatarios: familias e persoas con TEA.

35
PERSOAS ASITENTES

CG autismoGALICIA
PROGRAMA DE FORMACIÓN
APOIOS VISUAIS PARA MELLORAR A VIDA DAS PERSOAS CON TEA E AS SÚAS FAMILIAS
DOCENTE: MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS
Destinatarios: o curso está destinado exclusivamente a familias de persoas con TEA, tendo preferencia as familias socias das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia.
CURSO : 8 de Xuño 2019
Número de prazas: 35
Horario: de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 18:30
Lugar de realización: Centro Alameda - Edificio IESIDE: Rúa Nova nº 33, Santiago de Compostela - Cp. 15104
Prezo: 65€. Familias das entidades asociadas á Federación Autismo Galicia: 12€
PRAZO DE INSCRICIÓN ATA O 21 DE MAIO DE 2019

COMPRENDER E ACTUAR SOBRE AS CONDUCTAS PROBLEMÁTICAS: APOIO CONDUTUAL POSITIVO EN PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO

35
PERSOAS
ASITENTES

IMPARTIDO POR: Marlene Horna Castiñeiras

No curso analizáronse as conductas problemáticas coma o xeito en que unha persoa trata de cubrir unha necesidade que experimenta (algo que necesita, desea, quere evitar, etc.) en un contexto determinado. Os motivos das conductas problemáticas. Estratexias de ensinanza de habilidades ó alumno no espectro, e deseñar e por en marcha as adaptacións oportunas na contorna que fagan a conduta problemática innecesaria.

Destinatarios: familias e persoas con TEA.



XORNADAS DE FORMACIÓN SENSIBILIZACIÓN E CHARLAS


XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN, PROXECTO 1 DE 100.

485
PERSOAS
ASITENTES

O proxecto UN DE CEN, comprendo o Espectro, é un proxecto que combina o trinomio información, sensibilización e información, co obxectivo de xerar unha mirada máis ampla e profunda nas singularidades das persoas con TEA e as súas necesidades aos futuros profesionais a través da execución de conferencias nas tres Universidades públicas Galegas.

Realizáronse conferencias na Facultade de Psicoloxía (USC), Facultade de Ciencias da Educación (Pedagogía e Formación ao profesorado) no campus de Santiago e campus de Lugo (USC), Escola de Traballo Social (USC), Escola de maxisterio (Uvigo), Facultade de Ciencias da Educación, Grado en Logopedia (UDC)

A valoración do alumnado nas enquisas das conferencias foron moi positiva, destacando a falta de coñecementos previos sobre o TEA e a importancia dos



“XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN NO IES A CACHADA”

37
PERSOAS
ASITENTES

Outra das accións que se realizaron no IES Plurilingüe A Cachada foi por unha banda unha formación ao profesorado do Instituto sobre como mellorar a accesibilidade destes alumnos e como facer unha intervención educativa co alumnado con TEA, ao que asistiron un total 13 docentes, 9 mulleres e 4 homes. E un taller de sensibilización ao alumnado, no que asistiron 24 alumnos e alumnas, 15 mulleres e 9 homes.

Con esta capacitación e un centro cognitivamente accesible, todas as persoas (alumnos, profesionais...) seguirán contribuíndo de forma espontánea a identificar os aspectos que poden resultar de difícil comprensión, propoñer vías de mellora, ofrecer apoio ou exercer de guías aos alumnos con TEA ou ás persoas que o necesiten nun momento ou situación.

“OCIO E TEMPO LIBRE NAS PERSOAS CON TEA”

32
PERSOAS
ASITENTES



Realizouse un curso formativo para monitores, persoal técnico deportivo e animadores socioculturais do Concello de Ponteareas e comarca.

Esta xornada se tituló “Ocio e Tempo libre nas persoas con TEA” e tivo lugar o día 11 de Xuño no Concello de Ponteareas, no que participaron un total de 32 persoas 24 mulleres e 8 homes.

ESCOLA GALEGA DE SAÚDE PARA CIDADÁNS

88
PERSOAS
ASITENTES

A través da Escola Galega de Saúde para cidadáns realizáronse tres obradoiros sobre o trastorno do espectro do autismo (TEA). Co obxectivo de difundir coñecemento sobre o autismo en relación as súas características, causas, intervención e formas eficaces de apoio as persoas con TEA e as súas familias entre a cidadanía.



PARTICIPACIÓN EN XORNADAS



A HUMANIZACIÓN COMO RESPUESTA AS NECESIDADES DAS PERSOAS CON AUTISMO

AlimenTEA
Un mundo en la boca

Mesa redonda por un abordaje multidisciplinar de la sensibilidad oral en personas con TEA

Programa

18,00 a 18,30 horas. Inauguración del evento AlimenTEA. Un mundo en la boca.

Jefe territorial de Sanidade en A Coruña, Dña. Cristina Pérez Fernández, y Presidente del Colegio Profesional de Logopedas de Galicia, Dña. Ana Isabel Vázquez Lejo.

18,30 a 19,30 horas. Reflexiones, iniciativas y proyectos actuales sobre el abordaje de la sensibilidad oral en personas con TEA.

Participación na Xornada AlimenTEA organizada polo Colexio de Logopedas de Galicia, Odontólogos e Terapeutas Ocupacionais e realizada na sede en Santiago do Colexio de Médicos de A Coruña o 15 de Marzo.

COMPRENDO ENTENDO ACTÚO

III XORNADA DA DIVERSIDADE

Sábado, 23 de novembro de 2019
Centro Sociocultural Santa Marta - Sala Agustín Magán

PROGRAMA:

10:00h - 10:15h **Recepción e reparto de documentación**
10:15h - 10:30h **Presentación e bebida**
Relator/a: Federación ANPAS Compostela

10:30h - 12:00h **Marco legal das Necesidades educativas e reflexións**
Relator/a: Miquel Campuzano Álvarez. Especialista en discapacidades motoras
Relator/a: Mariñel Fernández Mosquera. Especialista en transtornos graves de conducta

12:00h - 12:30h **PAUSA - CAFÉ**

12:30h - 14:00h **Comprendo, entendo, actúo! O meu alumnado con TEA**
Relator/a: Cristina Couto Pena. Federación Autismo Galicia

14:00h - 17:00h **PAUSA - COMEDIA**

17:00h - 17:45h **Necesidades Educativas sen Protocolo. TEL**
Relator/a: Vanesa Rodo Suárez. Tercera de Ateiga
Relator/a: Ana Rodríguez Pena. Secretaria de Ateiga
Relator/a: Pilar Silva Vázquez. Vogal de Ateiga

17:45h - 18:30h **Protocolo AAC. Que esperar as familias que cambie?**
Relator/a: María Diezquís Herrera. Presidenta de ASAC
Relator/a: Olga Valcárcel García. Vicepresidenta de ASAC

18:30h - 20:00h **MESA REDONDA: Protocolo Intervención do Risco Suicida**
Relator/a: Dña. María Tago Alamos. Servicio de Saúde Mental y Atención
Relator/a: Rosa Cergueiro Landín. Movemento Galego de Saúde Mental
Relator/a: Manuel Armas. Especialista en transtornos graves de conducta

20:00h - 20:15h **CLAUSURA: Conclusións**

Requisito (sú inscrición): Enviar como a mesa.anpas.compostela@gmail.com co encabecamento III Xornada da Diversidade - moitos das persoas participantes e se se far uso da **badexa** indicar a idade dos nenos, o nome dos pais, máis, fronte do nome legala nunto con teléfono de contacto **antes do 20 de novembro**.
Praza limitada. **Entrada a ludoteca de balde**

Con colaboración de:
GOVERNOS DE GALICIA, COMUNITADES DE EDUCACIÓN, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA, GALICIA, OGGOO

Participación na III Xornada da Diversidade que foi organizada pola Confederación de Anpas Galegas o sábado 23 de Novembro.



MULLERES E NENAS CON AUTISMO

autismoGALICIA

AS MULLERES E NENAS CON DISCAPACIDADE Á LUZ DA CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

MULLER E NENAS CON AUTISMO

Santiago
martes 4 de xuño 2019

Cristina Couto-psicóloga F. Autismo Galicia

Adriana Cerecedo Lamer
Producción Mimeo 2019

Participación na Xornada organizada polo Cermi Galicia “As mulleres e nenas con Discapacidade á luz da convención sobre os dereitos das persoas con Discapacidade” O 4 de Xuño de 2019.

PRIORIDADE ESTRATÉXICA

**OFERTAR RESPOSTAS ADAPTADAS ás
NECESIDADES DOS GRUPOS DE INTERESE da
Federación Autismo Galicia:**

**Persoas con TEA e as súas familias, profesionais
e axentes clave.**



UNHA REDE DE SERVIZOS



ÁREA DE FAMILIAS E SERVIZOS A PERSOAS CON TEA



571

FUNDACIÓN AUTISMO
CORUÑA
FUNDACIÓN MENELA
FUNDACIÓN TUTELAR
CAMIÑO DO MIÑO
FEDERACIÓN AUTISMO
GALICIA

SERVIZO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN A FAMILIAS

O programa de ATENCIÓN SOCIOFAMILIAR consta da dúas vías, a atención directa que ofrece a Federación Autismo Galicia e a que ofrecemos a través das nosas entidades. Realízase asesoramento e información sobre os itinerarios para a realización do diagnóstico no caso de non habelo, e a posterior valoración e orientación dentro da rede de servizos das entidades da Federación.

Ofrecese tamén información sobre a etapa educativa (becas, solicitude de apoio educativo...) ou sobre servizos, entidades ou programas destinados as persoas con TEA.

134

ASOCIACIÓN UN MÁIS
APA CASTRO NAVÁS
APA MENELA
ASOCIACIÓN APACAF
ASOCIACIÓN FAMILIAS AZUIS
ASOCIACIÓN ASPANAES

PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

O Programa de INCLUSIÓN SOCIAL, se desenvolveu en dous eidos: por unha banda un programa específico e directo para persoas con TEA deseñado por persoal cualificado das asociacións da Federación Autismo Galicia que subcontractou con estas os servizos e por outra un programa de inclusión en contornas sociais, educativas e sanitarias, mediante a adaptación de medidas de accesibilidade cognitiva e asesoramento e formación.

102

ASOCIACIÓN TRASCOS
ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO
ASOCIACIÓN ASPERGA
ASOCIACIÓN POR ELES TEA
ASOCIACIÓN APA MECOS

PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE

O desenvolvemento deste programa se orixina na necesidade manifestada polas familias directamente, ou ben a través das súas asociacións, de contar con servizos de apoio complementarios aos que xa prestan estas e que dean cobertura á

12

ASOCIACIÓN ASPANAES

PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS TEA

O desenvolvemento deste programa levouse a cabo en Miño, co obxectivo de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias de persoas con TEA a través de apoios especializados. Así como establecer un marco xeral de apoio que fomente as habilidades de autonomía persoal, de elección persoal, e lecer e tempo libre ás persoas con TEA.

ÁREA DE EDUCACIÓN



PROGRAMA PARA A MELLORA DA ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON TEA

No ano 2016 establecece un convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Federación Autismo Galicia nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo.

O presente convenio ten por obxecto o asesoramento na atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo escolarizado nos centros docentes dependentes de dita Consellería, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

As persoas beneficiarias desta colaboración son o alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo que recibe apoio da Federación Autismo Galicia e as súas entidades: Un máis, Autismo Vigo, Capaces Lugo, Asociación de Familiares de Persoas con Trastorno da Comunicación Social de Ourense TRASCOS, Asociación Por Eles TEA Ourense

76

**CENTROS
EDUCATIVOS**



20
**MELLORAS
NOS CENTROS EN
MATERIA DE
ACCESIBILIDADE
COGNITIVA**

7
**ACTIVIDADES
FORMATIVAS**

22
**XORNADAS
DE SENSIBILIZACIÓN
EN CENTROS
EDUCATIVOS**



ÁREA DE EMPREGO



PROGRAMA TRABAJO EN REDE

A área de emprego de Autismo Galicia traballa en colaboración e coordinación coa Confederación Autismo España e as entidades asociadas á Federación coa finalidade de intercambiar coñecementos sobre estratexias de inclusión laboral, recursos formativos, capacidades das persoas con TEA no eido laboral, así como compartir experiencias e boas prácticas.

PROGRAMA DE PROSPECCIÓN LABORAL

Realizáronse accións de sensibilización e implicación do tecido empresarial en relación co colectivo e as súas potencialidades para o emprego. Ofreceuse información sobre as capacidades laborais das persoas con TEA, beneficios fiscais e os recursos dispoñibles para facilitar a súa adaptación ao posto de traballo. Realizáronse accións de prospección empresarial. Contactouse co tecido empresarial co fin de localizar postos de traballo en distintos sectores de actividade adecuados ao perfil das persoas beneficiarias. Autismo Galicia promoveu a contratación de persoas con autismo no mercado de traballo. Para levar a cabo esta función a entidade está en coordinación e contacto con empresas coas que se subscriben convenios de colaboración.

Convenio de colaboración coa empresa Embalaxes Armando S.L.U. (EMBAROX). Asinouse un convenio de colaboración no ano 2012 e continúa vixente a día de hoxe. 16 persoas con TEA da Fundación Menela realizan prácticas formativas de emprego con apoio realizando tarefas inherentes ao posto de operario, centradas na elaboración de tapas para as caixas de mariscos e moluscos. Dita formación práctica acompáñase de formación prelaboral sobre hixiene e imaxe persoal, autonomía persoal e habilidades sociais e laborais.

PROGRAMA DE FORMACIÓN EN HABILIDADES PRELABORAIS

54
PERSOAS
CON TEA



Realizáronse actividades formativas grupais e individuais en habilidades prelaborais dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas con TEA.

PROGRAMA DE INFORMACIÓN Y ORIENTACIÓN LABORAL

67 PERSOAS CON TEA

A Área de Emprego da Federación Autismo Galicia realizou actividades de información e orientación laboral dirixida ás persoas con TEA, usuarias das entidades asociadas así como a outras persoas con autismo que acudiron ao servizo.

Un paso fundamental foi a realización de entrevistas de orientación nas que se deu a coñecer os diferentes métodos e técnicas que se empregan para a búsqueda de emprego, déronse as claves para a elaboración de carta de presentación e currículo, así como as pautas a seguir no desenvolvemento dunha entrevista de selección.

Tras esta primeira fase, elaborouse o deseño e os itinerarios individuais e personalizados de inserción adecuados aos intereses e motivacións das persoas beneficiarias. Destaca a labor de asesoramento sobre avaliación de competencias e certificados de profesionalidade. Tamén as accións de información a familias e concreción de datos sobre a oferta formativa tanto pública como privada.

ÁREA DE SAÚDE



PROGRAMA DE MELLORA DA ATENCIÓN SANITARIA E CUIDADOS DA SAÚDE AO PACIENTE CON TEA. (MASTEIA)

A experiencia acumulada pola Federación Autismo Galicia nos impulsa a iniciar un traballo de incidencia no sector sanitario que permita superar as barreiras e dificultades que impiden, ás persoas con TEA, desenvolver o coidado saúde, un coidado que non só se refire a aquelas enfermidades que poidan relacionarse directamente co seu trastorno senón tamén que se refiren á saúde cotiá que esixe un coidado xeneralizado en toda a poboación, pero que neste caso poden requirir unha intervención especializada.

A incidencia a formulamos internamente: consensuando as medidas implementadas coas asociacións membro da federación a través da Comisión de Sanidade e tamén, externamente convertendo ao SERGAS e aos seus profesionais, no noso interlocutor e parte proactiva do programa.

O obxectivo deste programa é contribuir a mellorar a atención sanitaria a pacientes con necesidades específicas de apoio, TEA, que asegure e fomento o coidado da saúde.

PROGRAMA DE TRANSFERENCIA DE COÑECIMENTO E INNOVACIÓN.

Unha das nosas liñas de traballo é a tendente a facilitar os procesos sanitarios mediante a posibilidade de anticipar aos pacientes con TEA aqueles derivados da atención que recibirá no seu centro de saúde ou hospital.



DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA SAÚDE, A ADQUISICIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES E HABILIDADES FUNCIONAIS NAS PERSOAS CON TEA




Este programa céntrase en fomentar o coidado da saúde das persoas con TEA. Crear ferramentas de apoio ás persoas con TEA e ás súas familias para facilitar o coidado da súa saúde. Utilizando as canles do SERGAS para visibilizar as ferramentas de coidado da saúde e chegar a un maior número de persoas.

A nosa metodoloxía de traballo consiste en desenvolver accións cuxo impacto se produza na poboación con TEA, mediante a facilitación do acceso ao sistema sanitario con ferramentas que poden ser implementadas dende o fogar, coa familia e fóra da rede asociativa da Federación Autismo Galicia, porque a saúde é un pilar fundamental para a calidade de vida de calquera persoa con independencia da súas condicións persoais, a nosa misión é procurar que as accións sexan amplas e impacten sobre a sociedade de xeito globalizado.

Por isto consideramos que traballar cos axentes sanitarios: profesionais da saúde, persoal de xestión sanitaria, é a base para retroalimentarnos na análise de necesidades e busca de solucións que acheguen á cidadanía con TEA os servizos sanitarios.

Para isto, igualmente nos apoiamos cos importantes recursos desenvolto polo SERGAS, como é a plataforma É Saúde: un portal aberto á saúde para todos.




ACCÍONS NOS ÁMBITOS DA SAÚDE BUCODENTAL E A FACILITACIÓN DE PROBAS DIAGNÓSTICAS

Durante o ano 2019 continuamos desenvolvendo accións nos ámbitos da saúde bucodental e a facilitación de probas diagnósticas: electroencefalograma e realización de analíticas.

- 1º) Se preparou unha ficha complementaria á xa publicada polas profesionais do SAP San José de A Coruña, coas que se traballou conxuntamente para que as fichas sobre saúde bucodental fosen accesibles á poboación destinataria: nenos e nenas con e sen TEA.
- 2º) Se divulgou a ficha entre todas as asociacións federadas para o seu coñecemento e das súas familias, así como a través de redes sociais.
- 3º) Se traballou coas profesionais do Servizo de Neurofisioloxía do Hospital Teresa Herrera da Coruña para facilitar o seguimento sobre o resultado da aplicación de medidas de accesibilidade cognitiva na contorna e na realización das probas de electroencefalograma no centro.
- 4º) Se fixo un proceso de extracción de sangue en colaboración cos profesionais do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.
- 5º) Se participou e se prestou apoio e coñecemento en medidas de accesibilidade cognitiva para, en colaboración coa Consellería de Sanidade e ACIS, a elaboración de vídeos divulgativos sobre a realización de probas diagnóstica e vista ao dentista.


CONSULTA ODONTOLÓXICA

Servicio de Odontología Centro de Salud San José de A Coruña



CONSULTA ENCEFALOGRAMA

Servicio de Neurofisiología EOXI de A Coruña



PROGRAMA DE APOIO PSICOLÓXICO A RAPACES E RAPAZAS CON TEA.

Este programa se desenvolve dentro da liña de programas de atención sociosanitaria co obxecto de fomentar o desenvolvemento de competencias adaptativas da vida diaria e habilidade sociais e emocionais dos rapaces e rapazas con trastorno do espectro do autismo.

As actividades desenvolvidas consistiron en talleres onde dinámicas activas a través de recursos innovadores e de interese para os grupos participantes: uso de dispositivos móbiles, aplicacións e grupo de whatsapp, propiciaron a participación e a consecución de obxectivos como as estratexias de habilidades sociais, de comunicación, mellora da autoestima, comprensión, autocontrol emocional, relaxación en situacións de espera ou contextos percibidos como adversos.

O programa se desenvolveu entre o mes de febreiro e xullo, cun total de 15 talleres nas distintas provincias galegas e cun número de 30 rapaces e rapazas con TEA beneficiarios directos.

30
PERSOAS
CON TEA

ÁREA DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA



PROXECTO DE ACCESIBILIDADE COGNITIVA EN ENTORNOS SOCIAIS e EDUCATIVOS

O acceso ás contornas nos que desenvolvemos a nosa vida non se atopa limitado soamente por barreiras físicas, senón psicolóxicas, culturais, informativas e comunicativas. Destes factores tan variados depende a accesibilidade..

Desde o ano 2013 Autismo Galicia co apoio da Once, Deputación da Coruña e xunto coas Administracións locais e Autonómica, vén traballando a favor da accesibilidade cognitiva e a eliminación de barreiras comunicativas e cognitivas, desenvolvendo o seu proxecto de accesibilidade cognitiva en contornas sociais e educativas.

O obxectivo do proxecto de accesibilidade cognitiva é crear contornas accesibles en diferentes contextos, que permitan as persoas facer uso do mesmo de maneira autónoma e independente. A súa vez, este servizo é tamén unha vía de transferencia de coñecemento e de sensibilización para dar visibilidade ao colectivo de persoas con TEA.

Temos que ter en conta que o acceso ás contornas nos que desenvolvemos a nosa vida non se atopa limitado soamente por barreiras físicas, senón psicolóxicas, culturais, informativas e comunicativas. Destes factores tan variados depende a accesibilidade.

A accesibilidade é unha característica dun espazo ou servizo que fai que calquera persoa pode utilizalo de forma autónoma, independentemente das súas particularidades físicas, sensoriais ou intelectuais..

A accesibilidade cognitiva abarca todas aquelas estratexias que axudan a que as persoas que presentan necesidades derivadas de procesos cognitivos diferentes poidan acceder á información e procesala para utilizala na súa adaptación ao medio. No caso das persoas con TEA, unha área de especial dificultade é o procesamento de información que provén da contorna social e a interacción con outras persoas, por iso é tan importante levar a cabo unha mellora da sinalización dos espazos e a secuencia de acción a realizar en cada un deles.

DURANTE O ANO 2019, CENTRÁMONOS EN:

- Desenvolver medidas de accesibilidade cognitiva**
- Ofrecer materiais que faciliten a comprensión tanto de procesos como de situacións.**
- Xerar e transferir coñecemento sobre accesibilidade cognitiva.**





ÁMBITO SOCIAL E EDUCATIVO

A Federación Autismo Galicia realiza o proxecto de accesibilidade cognitiva coas seguintes actuacións:

- Residencias de Tempo Libre da Xunta de Galicia de Panxón, Gandarío e o Carballiño.
- Concello de Cangas, nos centros educativos de Ceip Nazaret, Ceip A Rúa, Ceip Castrillón, Ceip O hío, Ceip Espiñeira Aldán, Ceip San Roque de Darbo, Galiña azul O hío, Galiña azul Choupana
- Concello de Oleiros leva a cabo o proxecto no Ceip Isidro Parga Pondal, Ceip Juana de Vega, Ceip Luis Seoane, Ceip Rabadeira, Ceip Valle Inclán, Centro Municipal de Formación, Escola Municipal de Danza, Escola de música, IES Maria Casares, IES Miraflores e IES Neira Vila.
- IES A CACHADA. Ademais de axudar no plano práctico ás persoas con autismo que utilicen o centro educativo coa colocación de 125 pictogramas, realizáronse outras medidas de accesibilidade como unha charla de sensibilización e información ao alumnado do centro.

UN TOTAL DE
1747
PICTOGRAMAS



ELABORACIÓN DE DOCUMENTOS DE APOIO PARA MELLORAR A COMPRENSIÓN DO PROCESO ELECTORAL

A reforma da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeneral pon sobre a mesa a necesidade de fomentar a accesibilidade cognitiva dos procesos electorais en España para garantir unhas votacións libres e nas que todo voto conte.

Dende Autismo Galicia realizamos unha guía práctica adaptada e apoiada con pictograma, para facilitar o traballo na comprensión daquelas persoas que se benefician de apoios visuais e que poidan exercer con plenitude o seu dereito ao voto, seguindo o artigo 21 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.





PLAN ESTRATÉGICO 2020 - 2023 FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

AUTISMO GALICIA APROBA O PLAN ESTRATÉGICO 2020-2023 e dá a benvida a TEAVI.

O 19 de decembro de 2019 a Federación Autismo Galicia pechou o ano ao grande. Un ano de traballo conxunto entre todas as entidades que nos conforman, e coas que consolidamos logros e afrontamos obxectivos, construíndo espazos nos que sumar accións, con todo o armazón social, as diferentes redes asociativas, os representantes da administración e do ámbito empresarial, puntais fundamentais para a nosa continuidade.

Na asemblea, e coa asistencia e representación das entidades, aprobouse por unanimidade o Plan Estratéxico 2020-2023 da Federación Autismo Galicia. E tivemos o pracer de recibir a representantes da Asociación TEAVI e darlles a benvida como novas integrantes da federación.



A Federación Autismo Galicia desenvolveu entre febreiro e outubro de 2019 un proceso participado de reflexión estratéxica no que se involucraron 14 das 15 entidades federadas. Con distintos graos de implicación, colaboraron no proceso un total de 25 persoas distintas. Como resultado deste esforzo de reflexión colectiva e colaborativa emerxeu o Plan Estratéxico da Federación Autismo Galicia 2020-2023.


Este achegamento entre persoas e entidades queda no haber da contribución conxunta tan xenerosamente realizada por un propósito común: **DESEÑAR O FUTURO QUE QUEREMOS CONSEGUIR E PAUTAR O CAMIÑO INMEDIATO A COMPARTIR.**

O PLAN ESTRATÉGICO 2020-2023 está dispoñible para a súa descarga e consulta na páxina web da Federación Autismo Galicia.




DESEMPEÑO ECONÓMICO 2019


Distribución Fondos



Modelo de financiación



Principais partidas de gastos



INGRESOS 2019

339,870,31 €

FINANCIADORES DE PROXECTOS E XESTIÓN 2019

FONDOS PÚBLICOS		
FINANCIADOR	PROGRAMA / PROYECTO	IMPORTE
ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA		
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	Asignación tributaria IRPF: Programa de respiro familiar. Programa de autonomía persoal. Programa de prevención, diagnóstico e atención temperá.	25.949,35 €
	Convenio para o mantemento da federación e programas familias e TEA.	162.796,00 €
	Subvención extraordinaria actualización salarial, incremento XV Convenio.	10.483,56 €
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	Convenio para a formación e sensibilización no entorno sanitario	10.925,00 €
CONSELLERÍA DE SANIDADE	Axudas programas de carácter sociosanitario: proxecto apoio psicolóxico a nenos/as con TEA	17.560,62 €
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	Axudas para o fomento do emprego: axentes de emprego	53.506,47 €
	Axudas para fomento do emprego: programas de cooperación.	15.198,98 €
ADMINISTRACIÓN LOCAL		
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	Axudas para mantemento de programas e servizos en materia de servizos sociais. Accesibilidade cognitiva, persoas con TEA, adaptación de espazos públicos a través de pictogramas, Concello de Oleiros	4.957,12 €
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Axudas para o fomento de programas e actividades a favor da igualdade entre mulleres e homes: Curso apoios visuais para mellorar a vida das persoas con TEA e ás súas familias	2.998,46 €
FONDOS PRIVADOS		
FINANCIADOR	PROGRAMA / PROYECTO	IMPORTE
FUNDACIÓN ONCE	Convocatoria General de Proyectos y solicitudes: Accesibilidade cognitiva TEA, adaptación de espazos públicos mediante SSAA de comunicación, pictogramas.	3.000,00 €
FUNDACIÓN BARRIÉ	Convenio para a implementación de MAS SOCIAL ERP	13.310,00 €

SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org



Subvencionado pola Xunta de Galicia
Consellería de Política Social




autismo**G**ALICIA



autismo GALICIA

2019